

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CENTRO: IES ILLA DE ONS - BUEU
CURSO: 3º ESO
MATERIA: EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL
DEPARTAMENTO: DEBUXO
DATA: 10/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

BLOQUE 1 - EXPRESIÓN PLÁSTICA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencia
Coñecer e aplicar os métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.	- Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais. - Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.	CAA
Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas.	- Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	CSIEE
Debuxar con distintos niveis de iconicidade da imaxe.	- Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquejos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.	CCEC
Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe.	- Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	CCL

BLOQUE 2 - A COMUNICACIÓN VISUAL

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencia
Describir, analizar e interpretar unha imaxe, distinguindo os seus aspectos denotativo e connotativo.	- Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos. - Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.	CCL CCEC
Apreciar a linguaxe do cine analizando obras de xeito crítico, situándoas no seu contexto sociocultural, e reflexionando sobre a relación da linguaxe cinematográfica coa mensaxe da obra.	- Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe.	CCEC
Comprender os fundamentos da linguaxe multimedia, valorar as achegas das tecnoloxías dixitais e ser capaz de elaborar documentos mediante este.	- Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.	CD

BLOQUE 3 - DEBUXO TÉCNICO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencia
Aplicar as condicións das tanxencias e enlaces para construír espirais de dous, tres, catro e cinco centros.	- Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros.	CMCCT
Estudar os conceptos de simetrías, xiros e translacións aplicándoos ao deseño de composicións con módulos.	- Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.	CD
Comprender o concepto de proxección e aplicalo ao debuxo das vistas de obxectos, con coñecemento da utilidade das anotacións, practicando sobre as tres vistas de obxectos sinxelos e partindo da análise das súas vistas principais.	- Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.	CMCCT

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Centraranse no seguimento da evolución e correcto desenvolvemento do alumnado dentro da materia, mediante a observación da actitude e o esforzo no traballo para a obtención dos obxectivos xerais da etapa a adquisición das competencias clave.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valoración da actitude diaria: interese pola materia, responsabilidade, comportamento individual e en grupo e puntualidade. - Valoración do traballo práctico: completo, correcto, puntual e organizado.
Cualificación final	<p>Dado o traballo e o esforzo que está a realizar unha grande parte do alumnado nesta avaliación, a cualificación final do curso obterase facendo a nota media das tres avaliacións, sempre e cando este procedemento favoreza ao alumno/a. No caso contrario a cualificación final obterase coa nota media da 1ª e 2ª avaliación.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Para a superación da materia na convocatoria extraordinaria, o alumnado realizará unha proba única con contidos da 1ª e 2ª avaliación na que deberá obter unha nota mínima de 5.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: O departamento elaborou un plan de acción para o alumnado coa materia pendente, cunha selección dos criterios e contidos mínimos esixibles. Propúxose ao alumnado a entrega de traballos en tres datas ao longo do curso (decembro, marzo e maio). O prazo da entrega de maio, así como das tarefas non presentadas nos prazos anteriores, ampliáanse ata comezos de xuño.</p>
	<p>Criterios de cualificación: A cualificación final obterase facendo a nota media dos traballos presentados nas tres entregas, sempre e cando este procedemento favoreza ao alumno/a. No caso contrario a cualificación final obterase coa nota media das tarefas presentadas na 1ª e 2ª avaliación.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Centraranse no seguimento da evolución e correcto desenvolvemento do alumnado dentro da materia, mediante a observación da actitude e o esforzo no traballo para a obtención dos obxectivos xerais da etapa a adquisición das competencias clave.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valoración da actitude: interese pola materia, responsabilidade e comportamento individual. - Valoración do traballo práctico: completo, correcto, puntual e organizado.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades plantexadas reforzan e amplían as aprendizaxes realizadas nos dous primeiros trimestres do curso. O alumnado que tivo dificultades para superar os estándares e competencias mínimas no 1º e 2º trimestre, está a realizar tarefas de reforzo. Porén, o carácter de continuidade das tarefas propostas para esta 3ª avaliación, permitirá consolidar eses mínimos.
Metodoloxía	ALUMNADO CON CONECTIVIDADE
	Os contidos e tarefas publícanse semanalmente na plataforma Classroom , onde o materias está organizado por unidades. Para explicar as actividades e resolver dúbidas temos unha clase semanal por grupo a través de videoconferencia en liña coa aplicación Google Meet , durante as horas correspondentes ao novo horario de clase establecido para este 3º trimestre. Fóra dese horario o alumnado pode poñerse en contacto coa profesora a través das canles habituais de mensaxería de Classroom ou a través do correo electrónico.
	ALUMNADO SEN CONECTIVIDADE
	Para aquel alumnado con problemas de conexión ás plataformas virtuais ou con carencia de dispositivos para acceder ao material, o departamento deixou á súa disposición no centro copias con indicacións e material impreso para poder continuar o seu proceso formativo.
Materiais e recursos	<p>Materiais e recursos para alumnado con conectividade:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Plataformas virtuais: Classroom e Google Meet. - Calendario de Google: para a programación, organización e recordatorio das clases por videoconferencia. - Contidos teóricos, videotutoriais e material elaborado polo departamento dentro da mesma plataforma. - Aplicacións da G Suite de Google. - O material propio do alumno/a para realizar algunhas tarefas. <p>Materiais e recursos para alumnado sen conectividade:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Material impreso elaborado polo departamento. - Copias con indicacións para desenvolver as distintas tarefas. - Láminas e traballos da 1ª e 2ª avaliación para as actividades de repaso, reforzo e recuperación. - O material propio do alumno/a para realizar algunhas tarefas. <p>As familias poden solicitar titoría coa profesora a través do correo electrónico ou do portal espazoAbalar. A comunicación con elas realízase telefonicamente.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Informarase ás familias, por correo electrónico e cunha notificación a través do espazoAbalar, da publicación na páxina web do centro desta adaptación.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.